



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA  
CELEBRADA O DÍA 12 DE AGOSTO DE 2021**

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. Mariano Iglesias Castro.

**CONCELLEIROS/AS:**

PSdeG-PSOE:

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Fernando García Lesta.

D<sup>a</sup> María Amparo García Pernas.

D. José Bello López.

D. José Manuel Blanco López.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D<sup>a</sup> Beatriz Louro López.

**Non asisten e se escusan:**

PSdeG-PSOE:

D. Manuel Méndez Remeseiro.

**SECRETARIO - INTERVENTOR :**

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 12 de agosto de 2021, sendo as doce horas, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día.



**1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 4 DE XUÑO E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 14 DE XULLO DE 2021.**

Abre a sesión o Sr. Alcalde agradecendo á Sra Louro e ao Sr. López a súa disposición para celebrar hoxe o Pleno que correspondería celebrar mañá. De seguido pregunta se por parte dos concelleiros se quere formular algunha observación ao borrador das actas correspondentes ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación das mesmas, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

**2. APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2020.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

*“PROPOSTA AO PLENO  
APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2020*

*En cumprimento do artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a Conta Xeral do exercicio 2020 foi sometida a informe da Comisión Especial de Contas o día 23 de abril de 2021, sendo informada favorablemente.*

*Posteriormente expúxose o expediente ó público en virtude anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 78, de data 28 de abril de 2021, por un prazo de 15 días, sen que se presentara ningunha reclamación, reparo ou observación ó respecto.*

*Unha vez cumpridos os trámites preceptivos, e de conformidade co artigo 212.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, propono ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do concello de Mesía correspondente o exercicio económico do 2020.*

*Segundo.- Render a Conta Xeral da Corporación ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas.*

*Mesía, na data da sinatura electrónica. O alcalde,Asdo./ Mariano Iglesias Castro”*

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o acordo a votación, co



seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

### **3. PRÓRROGA CONTRATO DE XESTIÓN, MEDIANTE CONCESIÓN, DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DO CONCELLO DE MESÍA.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA Ó CONCELLO PLENO**

**PRÓRROGA CONTRATO DE XESTIÓN, MEDIANTE CONCESIÓN, DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DO CONCELLO DE MESÍA.**

*Visto que o concello de Mesía, por acordo do Pleno adoptado en sesión de data 6 de novembro de 2014, logo da tramitación do correspondente procedemento de contratación ao abeiro do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e á vista da proposta da mesa de contratación, adxudicou a “Espina Y Delfín, S.L.” o contrato de xestión, mediante concesión, do servizo de abastecemento de auga e saneamento do concello de Mesía, por un período de sete anos coa posibilidade dunha prórroga por outros sete anos mais, polos seguintes importes anuais, IVE excluído:*

- *Custes fixos de abastecemento por un importe de TRINTA E NOVE MIL EUROS CUN CÉNTIMO (39.000,01 €).*
- *Os custes variables de abastecemento por un importe de 0,3877 €/m3.*
- *Os custes fixos de saneamento por un importe de DEZ MIL CORENTA E UN EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (10.041,63 €).*
- *Os custes variables de saneamento por un importe de 0,4377 €/m3.*

*Visto que o contrato, asinado en data 13 de novembro de 2014, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, establece na súa cláusula 4ª (Prórroga do contrato) o seguinte: “O presente contrato, unha vez finalizado o período inicial do mesmo (sete anos dende a sinatura do presente contrato), poderá ser prorrogado por un novo período de sete anos previo acordo expreso entre as partes, cunha antelación mínima de tres meses ó seu vencemento.”*

*Resultando que a execución do contrato polo contratista adxudicatario durante o período inicial do mesmo é satisfactoria e estando as dúas partes interesadas na prórroga do mesmo.*

*De conformidade cos artigos 23.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e 47.2.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, propoño ó Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Prorrogar polo período de sete anos o vixente contrato de xestión, mediante concesión, do servizo de abastecemento de auga e saneamento do*



concello de Mesía, adxudicado a “Espina Y Delfín, S.L.” por acordo plenario adoptado en sesión de data 6 de novembro de 2014.

Segundo.- Notificar o presente acordo a “Espina Y Delfín, S.L.” e proceder á formalización da prórroga do contrato.

Mesía, na data da sinatura electrónica. O alcalde, Asdo./ Mariano Iglesias Castro”

Neste intre incorpórase a Sra. Louro á sesión.

Manifesta o Sr. Alcalde que hai un alto grado de satisfacción con esta empresa, que ademais foi a única que se presentou ao concurso e lle presta o servizo tamén aos concellos aledaños.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o acordo a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

#### **4. SEGUNDA FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2021 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA AO PLENO

SEGUNDA FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2021 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL. ACORDOS QUE PROCEDAN.

1.- Participar na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>2ª Fase POS+ Adicional 2/2021</b>			
CAMIÑO DE CRUCE DE LIÑARCOVO A IGREXA (BASCOI) E OUTROS	79.093,59 €	0 €	79.093,59 €
<b>TOTAL</b>	<b>79.093,59 €</b>	<b>0 €</b>	<b>79.093,59 €</b>



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000007

Maior achega provincial asignada ao concello	231.204,21 €
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	152.110,62 €
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	79.093,59 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 2/2021, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Manifesta o Sr. Alcalde que xa aprobamos no Pleno o plan complementario, que incluía dous proxectos, un mantense, de arranxo de camiño en Cabrui, e para o outro, dun aparcadoiro no local social de Castro, non obtivemos a autorización de Patrimonio, polo que o modificamos e metemos dous camiños en Bascoi.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o acordo a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

## 5. FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2022.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:



## **“PROPOSTA AO PLENO FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2022**

*Mariano Iglesias Castro, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía, tendo en conta o escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Coruña onde se nos require para formular proposta aprobada polo Pleno da Corporación na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste concello para o ano 2022.*

*Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Fixar como días festivos locais para o ano 2022, o día 1 de marzo, martes de Entroido, e o luns 13 de xuño, Santo Antón.*

*Segundo.- Darlle traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Coruña.*

*Mesía, 5 de agosto de 2021.O alcalde,Mariano Iglesias Castro.”*

Manifesta o Sr. Alcalde que neste concello sempre se colle o martes de Entroido e despois alturnase entre San Isidro e San Antón, e este ano optouse por este, que coincide en luns.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o acordo a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

## **6. MOCIÓN DO BNG SOBRE A NOVA TARIFA ELÉCTRICA.**

O Sr. Alcalde pasa a palabra á Sra. Louro, quen da conta da moción que, de seguido, se transcribe:

### **“MOCIÓN SOBRE A NOVA TARIFA ELÉCTRICA**

*Beatriz Louro López, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Mesía, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno,*

### **Exposición de motivos:**

*O pasado 9 de Marzo do 2021 o Consello de Ministros, a proposta do MITECO, aprobou o Real Decreto polo que establece a metodoloxía que, xunto coas peaxes do sistema fixadas pola “Comisión Nacional de los Mercados y de la Competencia” (CNMC) na circular 3/2020 conforman a parte regulada da factura eléctrica de cada consumidor ou consumidora.*



*Esta reforma, xa prevista para o ano 2020 e demorada pola pandemia, entrou en vigor o pasado 1 de xuño. Dende o BNG consideramos que esta norma xera un impacto negativo nos consumidores e consumidoras, danos colaterais importantes que deberán levar á reconsideración desta norma, sobre todo tendo en conta que afecta a importantes sectores da poboación que xa están sufrindo as graves consecuencias derivadas do forte impacto económico das restricións impostas pola loita contra a COVID-19.*

*Este é o caso do consumo doméstico e nomeadamente daquelas persoas consumidoras adheridas xa con anterioridade ao sistema de discriminación horaria. Na Galiza hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade que verán como a súa factura experimenta un aumento que pode chegar a superar o 30%.*

*Así mesmo, debe destacarse o impacto que ten en determinadas actividades económicas cunha forte implantación na Galiza como son as pequenas explotacións gandeiras, xa que os horarios do período punta da tarifa coinciden con tarefas de alto consumo enerxético. Se observamos o perfil típico dunha explotación gandeira, veremos que o 40% do consumo concéntrase entre as 8h e as 13h pola mañá e as 18 e 23h pola tarde, xusto o período punta, polo que o incremento medio na factura será de máis do 40%. No país existen máis de dez mil explotacións afectadas por este cambio e sen alternativa posíbel.*

*De igual forma, outros consumidores cun perfil de consumo semellante ao descrito, como é o da hostalería, xa duramente golpeado pola pandemia, e o resto de PEMES, sufrirán igualmente as consecuencias, pois as súa actividades desenvólvense necesariamente durante as horas de maior custo da enerxía. Todo isto nunha Galiza que exporta electricidade.*

*Para rematar, queremos facer fincapé en que non resulta lóxico acometer un cambio normativo deste calibre sen ter en conta outros aspectos da composición da factura cuxo peso é relevante e cuxa necesaria revisión demándase tamén dende amplos sectores da sociedade, como son o importe do imposto especial da electricidade e o tipo de IVE que debe aplicarse, sendo a electricidade un ben de primeira necesidade e non un luxo.*

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:*

*1- Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Mesía da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.*



*2- Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:*

*a) Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.*

*b) Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.*

*c) Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.*

*Mesía, 1 de agosto de 2021*

*Beatriz Louro López, Portavoz do Grupo Municipal do BNG.  
Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA."*

Manifesta o Sr. Alcalde que non sabe si serán estas as medidas oportunas ou se nos farán caso, pero todos estamos de acordo no abusivo prezo da luz, o que tamén afecta ás explotacións gandeiras, á hostalería ou á industria.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o acordo a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

## **7. MOCIÓNS**

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

## **8. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (198/2021 A 286/2021).**

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.





# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000007

RELACIÓN DE DECRETOS DO 198 Ó 286 DO ANO 2021			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
198	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión pleno ordinario 05/2021 do 04/06/2021	01/06/2021
199	Facenda municipal	Adhesión convenio entre a AEAT e a FEMP para en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria das entidades locais	03/06/2021
200	Subvencións	Acordo solicitude subvención Medida Leader. Obras acondicionamento Brañas da Valga	03/06/2021
201	Persoal	Nomeamento socorristas e realización lista de reserva_Proceso selectivo dous/dúas socorristas_Programa Socorrismo 2021_Deputación Provincial	04/06/2021
202	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	04/06/2021
203	Organización de funcionamento	Delegación de competencias de alcaldía na primería teniente de alcalde	04/06/2021
204	Economía e facenda	Execución do gasto 07/06/2021	07/06/2021
205	Servizos Sociais	Aprobación liquidación prestación servizos PAI 2021	08/06/2021
206	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 13/2021 do 10/06/2021	08/06/2021
207	Facenda municipal	Baixa no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios	11/06/2021
208	Economía e facenda	Execución do gasto 15/06/2021	15/06/2021
209	Padrón de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón municipal de habitantes	15/06/2021
210	Persoal	Modificación de xornada laboral de auxiliar de axuda a domicilio	16/06/2021
211	Persoal	Modificación de xornada laboral de auxiliar de axuda a domicilio	16/06/2021
212	Padrón de Habitantes	Alta por nacemento no Padrón municipal de habitantes	16/06/2021
213	Persoal	Modificación de xornada laboral de auxiliar de axuda a domicilio	16/06/2021
214	Economía e facenda	Execución do gasto. Nóminas extra xuño 2021	17/06/2021
215	Servizos sociais	Aprobación listas provisionais de admitidos/as, excluídos/as e de agarda prazas PAI curso 2021-2022	17/06/2021
216	Persoal	Modificación de xornada laboral de auxiliar de axuda a domicilio	17/06/2021
217	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 14/2021 do 24/06/2021	22/06/2021
218	Subvencións	Acordo solicitude subvención Cultura na Camiño ano 2021	24/06/2021
219	Servizos sociais	Baixa de usuario no servizo de axuda a domicilio	28/06/2021
220	Facenda municipal	Baixa no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios	29/06/2021
221	Facenda municipal	Alta no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios	29/06/2021
222	Economía e facenda	Execución do gasto 29/06/2021	29/06/2021
223	Economía e facenda	Execución do gasto asistencias órganos colexiados 2º ttre. 2021	29/06/2021
224	Facenda municipal	Baixa no Padrón da taxa polo abastecemento de auga municipal	30/06/2021
225	Subvencións	Aprobación conta xustificativa subvención Plan de emerxencia municipal ante situacións de seca	30/06/2021
226	Economía e facenda	Execución do gasto 30/06/2021. Nóminas xuño	30/06/2021
227	Persoal	Modificación de xornada laboral de auxiliar de axuda a domicilio	01/07/2021
228	Contratación	Aprobación cert. 1-final obra POS+ Adicional 2/2020	01/07/2021
229	Servizos sociais	Baixa de usuario no servizo de axuda a domicilio	01/07/2021
231	Servizos sociais	Aprobación listas definitivas admitidos/as-excluídos e de agarda prazas PAI curso 2021-2022	02/07/2021
232	Persoal	Modificación de xornada laboral de auxiliar de axuda a domicilio	02/07/2021

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000007

RELACIÓN DE DECRETOS DO 198 Ó 286 DO ANO 2021			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
233	Persoal	Nomeamento secretaria accidental posto Secretaría - Intervención	02/07/2021
234	Persoal	Bases e convocatoria proceso selectivo para a contratación peón Aprol Rural 2021	05/07/2021
235	Servizos sociais	Aprobación liquidación prestación servizos PAI xullo 2021	05/07/2021
236	Persoal	Modificación de xornada laboral de auxiliar de axuda a domicilio	05/07/2021
237	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 15/2021 do 08/07/2021	06/07/2021
238	Facenda municipal	Concesión autorización enganche saneamento municipal	07/07/2021
239	Facenda municipal	Concesión de enganche á rede de abastecemento de auga municipal	07/07/2021
240	Facenda municipal	Concesión de enganche á rede de abastecemento de auga municipal	07/07/2021
241	Economía e facenda	Execución do gasto 07/07/2021	07/07/2021
242	Subvencións	Aprobación inclusión no POS+Adicional 2/2021 1ª fase	07/07/2021
243	Persoal	Modificación de xornada laboral de auxiliar de axuda a domicilio	07/07/2021
244	Servizos sociais	Liquidación SAF mes abril 2021	08/07/2021
245	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión pleno extraordinario 06/2021 do 14/07/2021	09/07/2021
246	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión Xunta de Goberno Local extraordinaria 16/2021 do 14/07/2021	12/07/2021
247	Padrón Habitantes	Cambio de domicilio no Padrón municipal de Habitantes	13/07/2021
248	Facenda municipal	Alta no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios exercicio 2021	14/07/2021
249	Obras e urbanismo	Aprobación de plan de despliegue de rede de fibra óptica	14/07/2021
250	Economía e facenda	Execución do gasto 14/07/2021	14/07/2021
251	Economía e facenda	Expte. de xeración de crédito XC 06/2021	15/07/2021
252	Emprego	Lista admitidos-excluídos proceso selectivo peón Aprol Rural 2021, nomeamento tribunal e convocatoria probas	15/07/2021
253	Economía e facenda	Expte. de xeración de crédito XC 07/2021	15/07/2021
254	Economía e facenda	Expte. de xeración de crédito XC 08/2021	15/07/2021
255	Economía e facenda	Execución do gasto 15/07/2021	15/07/2021
256	Contratación	Adxudicación obra "Camiño Cruce de Vilar a Cova de Vales (Cabruí)". Expte. C01/2021	15/07/2021
257	Servizos sociais	Alta de usuario no servizo de axuda a domicilio	15/07/2021
258	Subvencións	Solicitud subvención obra Cubrición espacio exterior anexo ao local social de Boado	15/07/2021
259	Contratación	Adxudicación contrato menor servizo control de calidade obra "Camiño Cruce de Vilar a Cova de Vales (Cabruí)". Expte. C01/2021	15/07/2021
260	Emprego	Nomeamento persoal laboral temporal peón Aprol Rural 2021	19/07/2021
261	Servizos sociais	Baixa de usuario no servizo de axuda a domicilio	19/07/2021
262	Persoal	Modificación de xornada laboral de auxiliar de axuda a domicilio	19/07/2021
263	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión ordinaria Xunta de Goberno Local 17/2021 do 22/07/2021	20/07/2021
264	Economía e facenda	Execución do gasto 20/07/2021	20/07/2021
265	Economía e facenda	Execución do gasto 21/07/2021	21/07/2021
266	Economía e facenda	Expte. de xeración de crédito XC 09/2021	21/07/2021
267	Economía e facenda	Expte. de xeración de crédito XC 10/2021	21/07/2021
268	Economía e facenda	Expte. de xeración de crédito XC 11/2021	21/07/2021
269	Economía e facenda	Execución do gasto. Pago a xustificar 22/07/2021	22/07/2021

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000007

RELACIÓN DE DECRETOS DO 198 Ó 286 DO ANO 2021			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
270	Economía e facenda	Liñas fundamentais orzamento 2022	22/07/2021
271	Economía e facenda	Corrección de erro decreto 267/2021	22/07/2021
272	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios an o 2022	23/07/2021
273	Economía e facenda	Pago a xustificar, compra de material deportivo	23/07/2021
274	Facenda municipal	Concesión enganche á rede de abastecemento de auga municipal	28/07/2021
275	Facenda municipal	Concesión enganche á rede de abastecemento de auga municipal	28/07/2021
276	Economía e facenda	Execución do gasto 30/06/2021. Nóminas xullo	29/07/2021
277	Padrón de Habitantes	Cambio de domicilio no Padrón municipal de Habitantes	29/07/2021
278	Servizos sociais	Admisión lista de agarda solicitude de novo ingreso fóra de prazo PAI	30/07/2021
279	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 18/2021 do 05/08/2021	03/08/2021
280	Facenda municipal	Aprobación do Padrón da taxa polo abastecemento de auga municipal do 2º ttre. 2021	04/08/2021
281	Padrón de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón municipal de habitantes	04/08/2021
282	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios 2022	04/08/2021
283	Facenda municipal	Baixa de local no Padrón da taxas pola recollida de lixo e servizos complementarios 2022	04/08/2021
284	Padrón de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón municipal de habitantes	04/08/2021
285	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios 2022	04/08/2021
286	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa polo abastecemento de auga municipal	04/08/2021

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

## 9. **DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 5, 15 E 30 DE ABRIL, 13 E 28 DE MAIO, 10 E 24 DE XUÑO E 8, 14 E 22 DE XULLO DE 2021.**

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

## 10. **ROGOS E PREGUNTAS.**

Manifesta o Sr. Alcalde que a Sra. Louro presentou dous preguntas por rexistro



unha vez convocado o Pleno, das que se acaba de dar copia aos concelleiros presentes. Pásalle a palabra á Sra. Louro, quen da conta da pregunta que, de seguido, se transcribe:

## *“PREGUNTA AO GOBERNO MUNICIPAL*

*A Xunta de Galicia vén de poñer en marcha o terceiro Plan MOVES, o programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica, do que tamén poden beneficiarse as entidades locais. O 13 de setembro ([https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/60562/xunta-pone-marcha-tercer-plan-moves-dotado-con-cerca-23-millones-euros-para-compra?langId=es\\_ES](https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/60562/xunta-pone-marcha-tercer-plan-moves-dotado-con-cerca-23-millones-euros-para-compra?langId=es_ES)) é a data de inicio do prazo para a solicitude de axudas, que se irán adxudicando até o esgotamento do crédito do Plan, que ten como obxectivos mellorar a eficiencia enerxética no sector do transporte, mellorar a calidade do aire e contribuír á redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.*

*O BNG pregunta:*

*¿Ten previsto o goberno local solicitar estas axudas?  
¿De telo previsto, para que actuacións as demandaría?  
¿De non telo previsto, cales son as razóns?*

*Mesía, 10 de agosto de 2021*

*Beatriz Louro López, portavoz do Grupo Municipal do BNG*

*SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA.”*

Manifesta o Sr. Alcalde que o estamos mirando en contacto cunha enxeñería, e analizaríamos a compra de vehículos e os puntos de carga. Veremos se os vehículos se adaptan ás nosas necesidades é si economicamente é factible porque dan nove mil euros por vehículo e hai que mandar á chatarreira o que temos.

Di a Sra. Louro que estaría ben facer puntos de carga, manifestando o Sr. Alcalde que si se piden vehículos xa temos que pedir tamén punto de carga.

De seguido, a Sra. Louro da conta da pregunta que, de seguido, se transcribe:

## *“PREGUNTA AO GOBERNO MUNICIPAL*

*No pleno de xuño acordouse por unanimidade solicitar da Xunta de Galicia, do SERGAS, a reposición do servizo de matrona e do de pediatría, ademais da recuperación da atención presencial en condicións semellantes ás das anteriores á pandemia.*

*O BNG pregunta:*

*¿Tense dado traslado do acordo á administración competente? ¿Cal foi a resposta?*

*¿Ten feito o goberno municipal outras xestións para conseguir a reposición dos servizos suprimidos e para, cando menos, garantir a continuidade do resto dos*



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000007

*servizos, todos relativos á atención sanitaria das persoas do concello, incluíndo a atención presencial nas condicións anteriores á pandemia?*

*Mesía, 10 de agosto de 2021*

*Beatriz Louro López, portavoz do Grupo Municipal do BNG*

*SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA."*

Sinala o Sr. Alcalde que si se enviou o 10 de xuño e resposta non temos. O que se plantexa aquí é o que xa se acordou no seu día na moción aprobada polo Pleno, que é o órgano soberano desta Institución, polo que calquera cousa que eu faga sería desvirtuar o xa acordado. Por conversas co encargado do centro médico de Ordes, parece que non vai haber reposición de vacantes, tamén estanse a facer esforzos para reforzar en Ordes o servizo de matrona e pediatra, mañá e tarde, e con respecto á atención presencial, a pauta que dita Ordes para os centros vinculados e o sesenta por cento, tal como esixe a normativa, pero non sei en qué grado se está cumprindo.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as doce horas e trinta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,  
O Alcalde